



09 Proxección internacional e mobilidade

Os obxectivos perseguidos en 2007 no ámbito das relacións internacionais consonte as directrices marcadas polo Plano estratéxico consistiron en levar a cabo unha política de fomento da mobilidade de estudantes, profesores e persoal de administración e servizos, sen prexuízo da idea de calidade como criterio básico de actuación.

Estes obxectivos conseguíronse co desenvolvemento de programas de mobilidade regrados, como é o caso dos programas con Europa. Un dos máis consolidados neste sentido é o Erasmus, integrado no Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP), para o que a Universidade da Coruña renovou a Carta Erasmus no período 2007-2013. Ten concedida tamén a Carta Ampliada, que lle permitirá optar non só pola realización de estadías de estudo, senón tamén de prácticas de estudantes en empresas europeas.


Para incrementar a calidade dos intercambios, especialmente entre o colectivo do estudiantado, procedeuse en setembro ao nomeamento dun coordinador institucional Erasmus, singularizando así na Universidade da Coruña esta figura académico-administrativa.

En definitiva, o balance das actividades realizadas no eido das relacións internacionais mostra unha tendencia positiva cara á consolidación, tanto do número como da calidade dos intercambios. Alén disto, cómpre salientar o carácter singular das accións, ás veces, únicas no ámbito do sistema universitario galego e a diversidade das áreas de interese que están implicadas.

Programas europeos


Programa Erasmus

- No curso 2006-2007 rematou o programa Sócrates e a Unión Europea aprobou un novo Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP).
- Na programación do Erasmus feita en 2007 acordouse unha suba do importe das bolsas en función do país de destino (entre 115 € e 200 €). Co novo PAP flexibilizáronse os requisitos académicos para participar na mobilidade, de xeito que se incrementou notablemente a participación.



*cifra 2007/08 provisional.

Cadro 131 Evolución da mobilidade. Erasmus saíntes



*cifra 2007/08 provisional.

Cadro 132 Evolución da mobilidade. Erasmus entrantes

Programa Erasmus-Mundus

En 2007 aprobouse o Máster conxunto Erasmus Mundus en Estudo do Espectáculo Vivo, coordinado pola Universidade Libre de Bruselas. Participa a Universidade da Coruña, xunto con outras universidades de París, Niza, Franckfurt, Copenhaguen e Sevilla.


Programa Leonardo da Vinci

- Está en fase de execución o proxecto Adrural, único proxecto de Galicia aprobado pola Comisión Europea na súa convocatoria para experiencias piloto. Desenvólvese na Facultade de Ciencias da Educación.
- No capítulo de proxectos de mobilidade, o denominado Global Training beneficiou a 25 estudantes en estadias desde outubro de 2006 a febreiro de 2007.


- A Oficina de Relacións Internacionais fixo o seguimento de dous novos proxectos Jean Monnet aprobados durante o ano, un na modalidade de cátedra e outro na de Polo europeo de excelencia.

Programas con Latinoamérica

Cada ano a Axencia Española de Cooperación Iberoamericana (AECI) convoca axudas para proxectos de cooperación (PCI) con Iberoamérica, Túnez e Marrocos. En 2007 a UDC recibiu un total de 21 profesores ou estudantes, correspondentes á convocatoria do ano anterior. Aprobáronse 11 proxectos de cooperación para investigación, docencia e redes temáticas con Iberoamérica e un de investigación dentro do apartado PCI-Mediterráneo.



Cadro 133 Evolución da mobilidade de estudantes saíntes por convenios bilaterais



Cadro 134 **Evolución da mobilidade de estudantes entrantes por convenios bilaterais**

Outros programas

Programa de mobilidade de PAS do Grupo Compostela

As bolsas de mobilidade para PAS do Grupo Compostela véñense convocando desde 2003. Só se poden financiar dúas bolsas por institución. En 2007 a UDC recibiu un PAS e saíu outro.

Convenios internacionais

A Universidade da Coruña contou o ano pasado con un total de **282** convenios de mobilidade Erasmus e bilaterais con **44** países.

País	N.º
Alemaña	28
Arxentina	4
Austria	5
Bélxica	9
Brasil	12
Bulgaria	3
Chile	5
Chipre	1
Colombia	1
Costa Rica	1
Cuba	3
Dinamarca	3
R. Dominicana	1
Ecuador	3
Estados Unidos	5
Eslovaquia	1
Eslovenia	1
Estonia	1
Finlandia	7
Francia	34
Grecia	2
Hungría	4

País	N.º
Irlanda	2
Italia	39
Letonia	1
Liechtenstein	1
Lituania	1
Malta	1
México	11
Noruega	6
Países Baixos	2
Panamá	1
Perú	3
Polonia	9
Portugal	23
Reino Unido	21
República Checa	4
Romanía	6
Rusia	1
Suecia	3
Suiza	3
Timor Leste	1
Turquía	8
Uruguai	1

Cadro 135 **Convenios internacionais (Erasmus + bilaterais)**

Programa SICUE

Un total de 85 estudantes da UDC participan no curso 2007-2008 no programa de intercambio SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españoles). Este sistema permite que o estudantado

das universidades españolas poida realizar unha parte dos seus estudos noutra universidade distinta da súa, con garantías de recoñecemento académico e de aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular.


Titulación	Número
Administración e Dirección de Empresas	9
Arquitectura	3
Arquitectura Técnica	19
Biblioteconomía e Documentación	1
Bioloxía	6
CC. da Actividade Física e do Deporte	11
Ciencias Empresariais	1
Dereito	5
Economía	2
Educación Social	3
Enxeñaría de Camiños	1
Enxeñaría Téc. Industrial - Electricidade	1
Enxeñaría Téc. Industrial - Electrónica	1
Enxeñaría Téc. en Informática de Xestión	1
Logopedia	1
Mestre de Educación Primaria	1
Enxeñaría Informática	2
Máquinas Navais	6
Náutica e Transporte Marítimo	1
Navegación Marítima	1
Psicopedagogía	2
Ciencias Químicas	1
Socioloxía	6
Total	85

Cadro 136 Alumnado da UDC participante no SICUE no curso 2007-2008 por titulación


Universidade	
Alcalá de Henares	1
Alacant	2
Autónoma de Madrid	6
Barcelona	9
Cádiz	1
Cantabria	1
Comlutense de Madrid	8
Córdoba	2
Extremadura	2
Girona	2
Granada	5
Illes Balears	2
La Laguna	9
Las Palmas	4
León	1
Málaga	2
Oviedo	3
Pablo de Olavide (Sevilla)	1
País Vasco	2
Politécnica de Catalunya	4
Politécnica de Madrid	5
Pontificia de Salamanca	2
Rey Juan Carlos I (Madrid)	2
Salamanca	5
Santiago de Compostela	1
Sevilla	1
Valencia	2
Total	85

Cadro 137 Destino do alumnado da UDC acollido ao SICUE en 2007-2008

Mobilidade do profesorado



Cadro 138 **Evolución da mobilidade de profesores Erasmus saíntes**



Cadro 139 **Evolución da mobilidade de profesores Erasmus entrantes**

Profesor responsable	Departamento	País de estadía	Meses
José Romay Martínez	Psicoloxía	University College of Dublín-Irlanda	2 meses e 15 días

Cadro 140 **Profesores desprazados a outras universidades con financiamento da Xunta de Galicia**

Profesor responsable	Centro	Profesor visitante	Universidade de procedencia	Meses
Ricardo García Mira	Facultade de Ciencias da Educación	Olah Bogathy	Universitatea de Vest din Timisoara (Romanía)	2 meses
Javier Pereira Loureiro	Facultade de Informática	Paul M. Chapman	University of Ull (Reino Unido)	3,5 meses
Alejandro Pazos Sierra	Facultade de Informática	Norberto Ezquerra	Georgia Institute of Technology	3,5 meses


Cadro 141 **Profesores visitantes con financiamento da Xunta de Galicia**

Centro de Linguas

	A Coruña	Ferrol	UDC
Linguas estranxeiras	1.114	265	1.379
Español para estranxeiros	229	15	244
Galego para estranxeiros	13	--	13
Alumnado total	1.356	280	1.636

Cadro 142 **Alumnado do Centro de Linguas en 2007**

Cadro 143 Número global de estudantes por linguas en 2007



Cadro 144 Número de estudantes por linguas e por campus en 2007

